Documento de revisión das programacións didácticas do curso 2019/20

O presente documento elabórase para dar cumprimento ás instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Departamento: Linguaxe musical

Profesor/a: Mario Seoane Blanco

Asignatura e curso: 2º Harmonía

Contidos non impartidos de xeito presencial:

Sétima disminuída sobre a sensible. Sétima de sensible. Os acordes de 9ª, 11ª e 13ª. A supertónica e a submediante elevadas. A sexta Napolitana. Os acordes de sexta aumentada. A harmonía cromática propria do romanticismo. O cromatismo extendido.

Contidos traballados de xeito telemático:

Sétima disminuída sobre a sensible. Sétima de sensible. Os acordes de 9ª, 11ª e 13ª. A supertónica e a submediante elevadas. A sexta Napolitana. Os acordes de sexta aumentada.

Contidos non traballados:

Os acordes de 9ª, 11ª e 13ª. A harmonía cromática propria do romanticismo. O cromatismo extendido.

Modificacións nos procedementos de avaliación:

Ao tratarse dunha asignatura con avaliación contínua, os alumnos que superaron o segundo trimestre, teñen superado o curso. Para aqueles outros que suspenderan o segundo trimestre, ao non poder realizar clases presenciais no terceiro trimestre, os traballos realizados de xeito telemático servirán, de ser o caso, como recuperación do segundo trimestre e, en consecuencia, serán avaliados de xeito global para a superación, ou non, da asignatura.

Para aqueles alumnos que superaron o curso no segundo trimestre, os traballos realizados telemáticamente se valorarán únicamente para subir a nota.

Non se realizarán exames presenciais. O traballo telemático, valorado de xeito global, sustituirá ao exame final para aqueles alumnos que necesitaran facelo.

Os criterios de avaliación, serán os que figuran na programación oficial da asignatura para os dous primeiros trimestres que poden ser consultados na páxina

web do concello de Carballo.

Medidas de recuperación:

Os contidos que quedaron sen traballar serán incluídos nas modificacións que se realizarán ás programacións didácticas do vindeiro curso.

Ao ser o segundo curso de harmonía o derradeiro curso da materia no grao medio, os contidos que quedaron sen traballar terán que ser vistos necesariamente nas clases de 1º de análisis musical, priorizando o seu coñecemento analítico sobre o coñecemento do comportamento dos acordes na realización harmónica de traballos a catro voces.

Os alumnos que non superen a asignatura en xuño, recibirán por correo electrónico un informe persoal e detallado no que se reflexarán os contidos non asimilados e os traballos a realizar durante o verán para poder afrontar a convocatoria extraordinaria de setembro.

Modificacions na proba extraordinaria de setembro:

A proba extraordinaria de setembro só incluirá os contidos traballados de xeito presencial no 1º e 2º trimestre, e os traballados de xeito telemático no 3º trimestre. Os criterios de avaliación desta proba serán os que figuran na programación oficial da asignatura.

Os contidos que quedaron sen traballar serán incluídos nas modificacións que se realizarán ás programacións didácticas do vindeiro curso.